

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FOMENTO

12705 *Real decreto 931/2010, do 23 de xullo, polo que se regula o procedemento de certificación de provedores civís de servizos de navegación aérea e o seu control normativo.*

O ceo único europeo é unha iniciativa da Unión Europea cuxo obxectivo é a mellora da eficacia global do sistema de navegación aérea en Europa, sen menoscabo da seguridade.

Con ese fin estableceuse un novo marco normativo comunitario no cal cabe destacar, entre outras medidas, o Regulamento (CE) n.º 549/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 10 de marzo de 2004, polo que se fixa o marco para a creación do ceo único europeo, e o Regulamento (CE) n.º 550/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 10 de marzo de 2004, relativo á prestación de servizos de navegación aérea no ceo único europeo, que establecen o certificado de provedor de servizos de navegación aérea e encomendan ás autoridades nacionais de supervisión a súa emisión tras verificar que o provedor civil de servizos de navegación aérea cumpre os requisitos comúns desenvolvidos no Regulamento (CE) n.º 2096/2005 da Comisión, do 20 de decembro de 2005, polo que se establecen requisitos comúns para a prestación de servizos de navegación aérea.

Neste contexto, así mesmo, o Regulamento (CE) n.º 1070/2009 do Parlamento e do Consello, do 21 de outubro de 2009, polo que se modifican os regulamentos (CE) n.º 549/2004, (CE) n.º 550/2004, (CE) 551/2004 e (CE) n.º 552/2004, dítase co fin de mellorar o rendemento e a sustentabilidade do sistema europeo de aviación.

Por último, o Regulamento (CE) n.º 1108/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro de 2009, polo que se modifica o Regulamento (CE) n.º 219/2008 no que se refire a aeródromos, xestión do tránsito aéreo e servizos de navegación aérea e se derroga a Directiva 2006/23/CE, reforza a independencia das autoridades nacionais de supervisión, as competentes para a certificación dos provedores, e asigna á Axencia Europea de Seguridade Aérea competencias en relación coa xestión do tránsito aéreo e cos servizos de navegación aérea.

No ámbito da lexislación nacional, a Lei 9/2010, do 14 de abril, pola que se regula a prestación de servizos de tránsito aéreo, se establecen as obrigas dos provedores civís deses servizos e se fixan determinadas condicións laborais para os controladores de tránsito aéreo, establece que corresponde ao Ministerio de Fomento designar, por proposta do xestor aeroportuario e dentro dos bloques específicos de espazo aéreo, provedores civís de servizos de tránsito aéreo de aeródromo debidamente certificados por unha autoridade nacional de supervisión da Unión Europea.

De acordo con isto, este real decreto ten por obxecto establecer o procedemento para a expedición, renovación e modificación do certificado de provedor civil de servizos de navegación aérea exigible para a prestación destes servizos conforme a normativa comunitaria de aplicación, e regular a supervisión dos provedores civís de servizos de navegación aérea que deben ser obxecto de inspección pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea. O real decreto prevé, así mesmo, os supostos en que procede a revogación do certificado.

Corresponde á Axencia Estatal de Seguridade Aérea a expedición, renovación, modificación ou revogación do certificado e a supervisión dos provedores civís de navegación aérea, de conformidade co previsto no Real decreto 184/2008, do 8 de febreiro, polo que se aproba o Estatuto de Axencia Estatal de Seguridade Aérea.

Quedan fóra do ámbito de aplicación deste real decreto os servizos de navegación aérea adscritos á defensa nacional así como os servizos meteorolóxicos destinados á navegación aérea, que son competencia, respectivamente, dos ministerios de Defensa e

de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, a teor do establecido nos artigos 2.2 e 7 da Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea.

Este real decreto establece, así mesmo, as condicións para o inicio da prestación de servizos de navegación aérea polos novos provedores designados para isto e a substitución de provedores designados para garantir a continuidade e a seguridade na prestación dos servizos de navegación aérea, así como o procedemento para a autorización de calquera modificación que afecte as condicións da designación de provedor de servizos de tránsito aéreo ou a designación do espazo aéreo asociado ao aeródromo.

Por último, este real decreto é respectuoso coa regulación substantiva en materia de servizos de tránsito aéreo, incluídos os altos estándares de seguridade establecidos polo anexo 11 ao Convenio Internacional de Aviación Civil (Chicago 1947) cuxas normas e métodos recomendados internacionalmente están incorporados ao noso ordenamento xurídico pola normativa comunitaria.

Na tramitación deste real decreto deuse audiencia ás organizacións máis representativas do sector aeronáutico e ao Consello de Consumidores e Usuarios.

Na súa virtude, por iniciativa do ministro de Fomento, coa aprobación previa da ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 23 de xullo de 2010,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establecer o procedemento de obtención, renovación e modificación do certificado de provedor civil de servizos de navegación aérea, determinar os supostos en que procede a súa revogación e regular o control normativo continuado dos provedores civís incluídos no seu ámbito de aplicación.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. O procedemento de expedición, renovación e modificación do certificado de provedor civil de servizos de navegación aérea establecido neste real decreto e as disposicións relativas á súa revogación son de aplicación aos provedores civís de servizos de navegación aérea que se indican a continuación, con independencia de que renunciaren ou non a prestar servizos transfronteirizos e ao recoñecemento mutuo no marco do ceo único europeo:

a) Os provedores civís que teñan o seu principal lugar de actividade e, se for o caso, a súa sede en territorio español.

b) Os provedores civís cuxa certificación corresponda á Axencia Estatal de Seguridade Aérea en virtude dos acordos de establecemento de bloques funcionais de espazo aéreo subscritos conforme o previsto na normativa nacional e comunitaria de aplicación.

2. O control normativo continuado regulado neste real decreto é de aplicación:

a) Aos provedores civís de servizos de navegación aérea certificados pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea.

b) Aos provedores civís de servizos de navegación aérea certificados por unha autoridade nacional de supervisión doutro Estado membro da Unión Europea que presten servizos no espazo aéreo español ou nos bloques funcionais de espazo aéreo cuxa supervisión corresponda á Axencia Estatal de Seguridade Aérea.

Neste caso o control realizarase con suxeición ao disposto neste real decreto e nos acordos a que se chegou coa autoridade nacional de supervisión responsable da

certificación. Estes acordos realizaranse conforme os principios aplicables no marco europeo de cooperación e colaboración e conforme as prácticas do sector.

Artigo 3. *Exclusións.*

Este real decreto non resulta de aplicación aos provedores de servizos meteorolóxicos destinados á navegación aérea nin aos sistemas de navegación aérea, aos servizos, actividades e instalacións adscritos á defensa nacional, así como ao seu persoal, que se rexerán, en ambos os casos, pola súa normativa específica.

Artigo 4. *Competencia.*

1. A Axencia Estatal de Seguridade Aérea, como autoridade civil nacional de supervisión, é o órgano competente para conceder, renovar, modificar ou revogar o certificado de provedor civil de servizos de navegación aérea e para o control normativo continuado dos provedores de servizos de navegación aérea civís nos termos previstos neste real decreto.

2. As actividades de certificación ou de control normativo non previstas no artigo 2 deste real decreto e realizadas pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea por acordo con outras organizacións de supervisión, estatais ou supranacionais, axustaranse aos principios aplicables no marco europeo de cooperación e colaboración e conforme as prácticas do sector.

Artigo 5. *Definicións.*

1. Para efectos deste real decreto enténdese por:

a) Non conformidade: calquera deficiencia, irregularidade ou incumprimento detectado en relación cos requisitos regulamentarios de seguridade aplicables e coas normas de aplicación correspondentes.

b) Observación: calquera tipo de comentario á forma en que se cumpre a normativa aplicable que non constituía unha non conformidade.

c) Accións correctivas: accións que debe tomar o provedor do servizo para eliminar a causa dunha non conformidade detectada, definindo o prazo para a súa aplicación.

2. Ao resto dos conceptos utilizados neste real decreto seranlles de aplicación as definicións contidas:

a) No artigo 2 do Regulamento (CE) n.º 549/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 10 de marzo de 2004, polo que se fixa o marco para a creación do ceo único europeo.

b) No artigo 2 do Regulamento (CE) n.º 2096/2005, do 20 de decembro de 2005, polo que se establecen os requisitos comúns para a prestación de servizos de navegación aérea.

c) No artigo 3 do Regulamento (CE) n.º 216/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de febreiro de 2008, sobre normas comúns no ámbito da aviación civil e polo que se crea unha Axencia Europea de Seguridade Aérea, e se deroga a Directiva 91/670/CEE do Consello, o Regulamento (CE) n.º 1592/2002 e a Directiva 2004/36/CE.

CAPÍTULO II

Procedemento de certificación

Artigo 6. *Réxime aplicable.*

O procedemento de concesión do certificado de provedor civil de servizos de navegación aérea, a súa renovación, modificación ou revogación axustarase ao disposto neste real decreto e, no non previsto nel, ao establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de

réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Artigo 7. *Solicitudes.*

1. Os interesados na obtención, modificación ou renovación do certificado de provedor civil de servizos de navegación aérea deberán formalizar a súa solicitude no modelo oficial de solicitude, que figura como anexo I, no cal se deberán relacionar todos os servizos de navegación aérea, de entre os sinalados no anexo III, para os cales se solicita a certificación, e conter, se for o caso, o tipo de exencións que se solicitan.

O modelo normalizado que figura como anexo I e a clasificación dos servizos de navegación aérea que figura como anexo III estarán dispoñibles na páxina web da Axencia Estatal de Seguridade Aérea.

2. A solicitudes, dirixidas á Axencia Estatal de Seguridade Aérea, presentaranse por vía electrónica ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 8. *Documentación.*

Xunto á solicitude de concesión, renovación ou modificación do certificado deberase presentar:

- a) A documentación mínima prevista no anexo II, na orde prevista nel.
- b) A documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos xerais para a prestación de servizos de navegación aérea establecidos no anexo I do Regulamento (CE) n.º 2096/2005, no non previsto na letra a).
- c) A documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos específicos para a prestación de servizos de tránsito aéreo establecidos, respectivamente, nos anexos II, IV e V do Regulamento (CE) n.º 2096/2005, no que sexa pertinente en relación co servizo de navegación aérea para o cal se solicita o certificado, a súa renovación ou modificación.

Artigo 9. *Medios aceptables para a acreditación do cumprimento dos requisitos.*

1. A Axencia Estatal de Seguridade Aérea considerará como medios aceptables para acreditar o cumprimento dos requisitos exixidos para obter, renovar ou modificar o certificado, entre outros, os seguintes:

- a) Procedementos internos ou manuais do provedor civil de servizos de navegación aérea.
- b) Modelos ou rexistros concretos da aplicación dos procedementos citados na letra a), se procede.
- c) A demostración documental de cumprimento co material guía de Eurocontrol correspondente.
- d) En relación coa acreditación dos requisitos de seguridade para a análise e mitigación de riscos, a implementación da metodoloxía aprobada por Eurocontrol.
- e) Documentos relacionados coa análise do cumprimento dos correspondentes anexos do Convenio de aviación civil internacional.

2. O provedor civil de servizos de navegación poderá propor, adicionalmente, outros documentos que acrediten o cumprimento dos requisitos aplicables.

A transcripción das normas nacionais ou internacionais non se considera medio aceptable de cumprimento dos procedementos do solicitante.

Artigo 10. *Verificación do cumprimento de requisitos.*

1. A Axencia Estatal de Seguridade Aérea, no exercicio das súas competencias, poderá levar a cabo cantas actuacións considere precisas para supervisar o cumprimento

das condicións exixidas para a obtención, renovación ou modificación do certificado de provedor civil de servizos de navegación aérea, de conformidade co previsto no Regulamento de inspección aeronáutica, aprobado polo Real decreto 98/2009, do 6 de febreiro.

2. As actuacións inspectoras de supervisión realizaranse a cada un dos interesados que soliciten a expedición, renovación ou modificación do certificado, utilizando criterios de mostraxe respecto da documentación, métodos de traballo, procedementos, dependencias ou instalacións que deban ser supervisadas.

3. Na supervisión dos provedores civís de servizos de navegación aérea que presten servizos no espazo aéreo doutros Estados membros recoñeceranse os labores de supervisión realizados polas autoridades nacionais de supervisión competentes nos ditos Estados, conforme os acordos celebrados con ela que observarán o disposto no artigo 2.2, letra b).

O informe de supervisión emitido pola autoridade nacional de supervisión do outro Estado terá a consideración de ditame técnico de acordo co disposto no artigo 27.1, letra b), do Regulamento de inspección aeronáutica, aprobado polo Real decreto 98/2009, do 6 de febreiro.

Artigo 11. *Resolución do procedemento de certificación.*

1. Finalizado o proceso de supervisión relativo ao cumprimento dos requisitos exixidos para a obtención, renovación ou modificación do certificado e atendendo ao contido dos correspondentes ditames técnicos emitidos no exercicio da dita función, o director da Axencia Estatal de Seguridade Aérea, no prazo máximo de seis meses desde a recepción da solicitude, ditará a resolución que proceda, que deberá ser motivada.

Esta resolución pon fin á vía administrativa, e contra ela poderase interpoñer potestativamente o recurso de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes, de conformidade co previsto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou ser impugnada directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

2. A Axencia Estatal de Seguridade Aérea non expedirá o certificado, a súa modificación ou renovación se non se emendaron as non conformidades detectadas na verificación do cumprimento de requisitos ou, nos supostos de renovación ou modificación, nas inspeccións de control normativo.

3. Cando a resolución sexa estimatoria, a Axencia Estatal de Seguridade Aérea expedirá o certificado como provedor civil de servizos de navegación aérea ou a súa renovación ou modificación, segundo corresponda.

O certificado de provedor civil de servizos de navegación aérea, a súa renovación ou modificación expedirase no modelo que figura como anexo IV, e indicará o número de páxinas de que consta, que irán debidamente numeradas.

Entre as condicións adicionais adxuntas ao certificado incluíranse as especificacións operativas referentes ao tipo de servizos certificados, de acordo co previsto no anexo II do Regulamento (CE) n.º 550/2004, do Parlamento Europeo e do Consello, do 10 de marzo de 2004, relativo á prestación de servizos de navegación aérea no ceo único europeo e, se for o caso, as exencións concedidas conforme o previsto no Regulamento (CE) n.º 2096/2005.

No caso de concesión de exencións, as condicións adicionais adxuntas ao certificado especificarán a súa natureza, alcance e fundamento xurídico.

4. A concesión de certificados, a súa renovación ou modificación publicarase no «Boletín Oficial del Estado» e na páxina web da Axencia Estatal de Seguridade Aérea e notificarase á Comisión Europea.

5. No caso de que venza o prazo máximo para resolver sen terse ditado resolución expresa, o silencio terá efecto desestimatorio en virtude da excepción de transferencia ao solicitante de facultades relativas ao dominio público ou ao servizo público recollida no artigo 43.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 12. Vixencia do certificado.

1. As certificacións iniciais e as modificacións dos certificados que habiliten para a provisión dun novo servizo terán unha vixencia dun ano. Nas posteriores renovacións, o certificado terá unha vixencia de cinco anos.
2. O certificado con exencións terá a vixencia prevista no número anterior.
3. En todo caso, o mantemento da vixencia do certificado está suxeito ao cumprimento permanente dos requisitos exixidos para a súa obtención, renovación ou modificación e, se for o caso, ás condicións en que se basea a exención.

Artigo 13. Eficacia.

1. A eficacia do certificado extinguirase automaticamente se o provedor de servizos non presta os servizos de navegación aérea para os cales fose certificado no prazo dun ano desde a certificación inicial ou no prazo máximo de dous anos nas sucesivas renovacións.

Así mesmo, extinguirase a eficacia do certificado se, tendo iniciado a prestación dos servizos, deixa de prestalos durante un prazo superior a dous anos.

2. O director de Seguridade de Aeroportos e Navegación Aérea, logo de audiencia do provedor de servizos de navegación aérea, resolverá sobre a ineficacia do certificado. Esta resolución non pon fin á vía administrativa, e contra ela poderase interpoñer recurso de alzada, previsto no artigo 114 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ante o director da Axencia Estatal de Seguridade Aérea no prazo dun mes.

Artigo 14. Certificación dun conxunto de servizos.

1. Xunto coa solicitude do certificado de provedor de servizos de control de tránsito aéreo poderase solicitar o certificado como provedor de formación prevista no artigo 29.5 do Real decreto 1516/2009, do 2 de outubro, polo que se regula a licenza comunitaria de controlador de tránsito aéreo. O tipo de formación e o tipo de servizo de navegación aérea certificaranse conxuntamente.

2. A certificación de provedor de servizos de formación de control de tránsito aéreo estará suxeita ao cumprimento dos requisitos e ao procedemento previsto no Real decreto 1516/2009, do 2 de outubro, e nas súas normas de desenvolvemento.

CAPÍTULO III**Disposicións específicas para a renovación ou modificación da certificación****Artigo 15. Renovación do certificado.**

1. A renovación do certificado solicitarase, como mínimo, seis meses antes da fin da súa vixencia.
2. As actuacións inspectoras de supervisión relacionadas coas renovacións previsibles de certificados en vigor deberanse incluír nos plans de inspección aeronáutica da Axencia Estatal de Seguridade Aérea.

Artigo 16. Modificación do alcance do certificado.

1. Calquera provedor poderá solicitar a ampliación ou restrición do seu certificado en canto ao tipo dos servizos que pretenda prestar.
2. Os provedores certificados pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea coa exención prevista no artigo 4.1 do Regulamento (CE) n.º 2096/2005, poderán solicitar unha extensión do dito certificado que lles permita prestar servizos no espazo aéreo doutro Estado pertencente ao Espazo Económico Europeo.
3. Xunto coa solicitude presentarase, se for o caso, unha memoria explicativa que especifique as adaptacións realizadas para cumprir cos requisitos exixibles para o novo

ámbito do certificado e que demostre a continuidade no cumprimento dos demais requisitos.

Así mesmo, na documentación que se debe achegar conforme o previsto nos artigos 8 e 9 deberanse indicar expresamente os novos documentos xustificativos que se achegan ou as modificacións realizadas sobre eles, respecto dos incorporados ao procedemento de concesión ou renovación do certificado.

4. A Axencia Estatal de Seguridade Aérea determinará as actuacións de supervisión pertinentes para verificar o cumprimento dos requisitos aplicables contidos nos anexos do Regulamento (CE) n.º 2096/2005.

CAPÍTULO IV

Control normativo continuado

Artigo 17. *Control normativo continuado.*

1. A Axencia Estatal de Seguridade Aérea inspeccionará de modo continuado a cada provedor civil de servizos de navegación aérea incluído no ámbito de aplicación deste real decreto.

As actuacións inspectoras de control normativo rexeranse polo disposto no Regulamento de inspección aeronáutica, aprobado polo Real decreto 98/2009, do 6 de febreiro.

2. As actuacións inspectoras de control normativo realizaranse con base en criterios de mostraxe asegurando, en todo caso, que durante a vixencia do certificado se realizan actuacións de inspección de cada provedor sometido a supervisión, de acordo co disposto no artigo 6 do Regulamento (CE) n.º 1315/2007 da Comisión, do 8 de novembro de 2007, relativo á supervisión da seguridade na xestión do tránsito aéreo e polo que se modifica o Regulamento (CE) n.º 2096/2005.

Para tal efecto a Axencia Estatal de Seguridade Aérea realizará, como mínimo, unha actuación inspectora por cada tipo de unidade, instalación ou dependencia existente na organización do provedor civil de servizos.

3. Para o control normativo dos provedores civís de servizos de navegación aérea que presten servizos no espazo aéreo doutro Estado membro recoñeceranse as tarefas inspectoras realizadas pola autoridade nacional de supervisión competente no dito Estado, conforme os acordos celebrados con ela que se axustarán ao disposto no artigo 2.2, letra b).

Neste caso, o informe de inspección emitido pola autoridade nacional de supervisión do outro Estado terá a consideración de actas de inspección de acordo co disposto no artigo 27.1, letra a), do Regulamento de inspección aeronáutica, aprobado polo Real decreto 98/2009, do 6 de febreiro.

Artigo 18. *Programa de inspección de control normativo.*

1. A Axencia Estatal de Seguridade Aérea incluírá anualmente para cada provedor civil de servizos de navegación aérea, como parte dos seus plans de inspección aeronáutica, un programa indicativo de inspección de control normativo que cubra todos os servizos certificados.

2. O programa de inspección de control normativo:

- a) Basearase no plan de inspección xenérico que se describe no anexo V.
- b) Elaborarase tendo en conta a avaliación dos riscos asociados ás diferentes operacións que conforman a prestación dos servizos certificados.
- c) Indicará os intervalos previstos para as visitas de inspección das distintas unidades, dependencias e instalacións.

3. A Axencia Estatal de Seguridade Aérea notificará o programa de inspección de control normativo aos provedores civís de servizos de navegación aérea afectados nun prazo non inferior a un mes antes do seu inicio, salvo que por motivos de urxencia debidamente xustificados se acorde que a notificación se realice nun prazo inferior.

Artigo 19. *Cambios que afecten a seguridade.*

1. Os provedores de servizos de información aeronáutica e aqueles servizos de información de voo de aeródromo, que se acollesen á exención do artigo 4.3 do Regulamento (CE) n.º 2096/2005, utilizarán unicamente procedementos aceptados pola autoridade nacional de supervisión emisora do seu certificado para decidir acerca da introdución dun cambio que afecte a seguridade dos seus sistemas funcionais.

2. Será preciso obter a aceptación expresa da Axencia Estatal de Seguridade Aérea para a introdución de cambios nos supostos previstos no artigo 9.1 do Regulamento (CE) n.º 1315/2007.

A solicitude de aceptación deberase realizar no formulario do anexo VI, xuntando a documentación que se detalla no anexo VII. A Axencia Estatal de Seguridade Aérea deberá resolver no prazo máximo de tres meses. No caso de silencio administrativo, este terá efecto desestimatorio, por imperativo do disposto no artigo 9.3 do Regulamento (CE) 1315/2007.

Cando, atendendo á natureza das modificacións solicitadas, o órgano da Axencia Estatal de Seguridade Aérea competente para resolver sexa o seu director, as resolucións que adopte porán fin á vía administrativa e poderán ser impugnadas potestativamente en reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes, ou ser impugnadas directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

Cando o órgano competente para resolver sobre as modificacións sexa calquera das direccións operativas da Axencia Estatal de Seguridade Aérea, as súas resolucións non porán fin á vía administrativa, e poderán ser impugnables en alzada ante o director da Axencia no prazo dun mes previsto no artigo 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

3. Os cambios en que a avaliación da severidade, levada a cabo de conformidade co anexo II, parte 3.2.4, do Regulamento (CE) n.º 2096/2005, determine un grao de severidade 3 ou 4 para todos os peores efectos potenciais cribles dos perigos detectados, sempre que a súa posta en práctica non exixa a introdución de novos estándares de aviación, deberán ser notificados á Axencia Estatal de Seguridade Aérea, no modelo que figura no anexo VIII, xuntado a documentación que se detalla no anexo IX.

Estes cambios poderanse introducir transcorridos 30 días hábiles contados desde o día seguinte ao de entrada no rexistro da Axencia Estatal de Seguridade Aérea da notificación, salvo que no dito prazo a Axencia notifique ao provedor que vai proceder a realizar unha revisión do cambio. A Axencia Estatal de Seguridade Aérea deberá notificar ao provedor o resultado da dita revisión no prazo e cos efectos previstos no número 2.

No prazo de 30 días previsto no parágrafo anterior, a Axencia Estatal de Seguridade Aérea poderá solicitar ao provedor documentación complementaria. Neste suposto, o prazo para notificar a revisión do cambio suspenderase até a presentación da documentación solicitada.

4. O resto dos cambios non estará suxeito a aceptación ou notificación.

Artigo 20. *Medidas en caso de incumprimento.*

1. En caso de incumprimento polos provedores de servizos de navegación aérea dos requisitos exixidos polo Regulamento (CE) n.º 2096/2005 ou das condicións incorporadas ao certificado, a Axencia Estatal de Seguridade Aérea resolverá exixindo ao provedor que tome accións correctivas no prazo dun mes.

Se as ditas accións correctivas non se aplican, a Axencia Estatal de Seguridade Aérea adoptará as medidas previstas no 5.4, último parágrafo, do Regulamento (CE) 2096/2005, tendo en conta a necesidade de garantir a continuidade dos servizos, incluíndo a revogación do certificado de provedor de servizos de navegación aérea.

2. Ademais, o director da Axencia Estatal de Seguridade Aérea poderá adoptar as medidas extraordinarias previstas no artigo 30 da Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea, cando se constatasen irregularidades que afecten de forma certa, grave e inmediata a seguridade aérea.

Artigo 21. *Réxime sancionador.*

O incumprimento do previsto neste real decreto poderá dar lugar á existencia de responsabilidades administrativas de conformidade co disposto na Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea.

Disposición adicional primeira. *Inicio da prestación de servizos de tránsito aéreo polo provedor designado e cambio de provedor designado para a prestación dos ditos servizos.*

1. A emisión do informe favorable da Axencia Estatal de Seguridade Aérea para a efectiva prestación de servizos polo provedor de servizos de tránsito aéreo designado estará condicionada ao cumprimento dos requisitos técnicos e operativos establecidos na resolución de designación e á aplicación do plan de transición, baixo a supervisión da Axencia Estatal de Seguridade Aérea.

2. O provedor designado prestador de servizos de tránsito aéreo deberá establecer un plan de transición que inclúa criterios medibles tanto para monitorizar a súa evolución como para dar por finalizada a fase de transición e iniciar a prestación ordinaria do servizo. Entre estes criterios, definidos polo provedor designado, deberanse incluír os asociados á formación do persoal, á eliminación de medidas de afluencia, en caso de que fose necesario regular o volume de tráfico durante a fase de transición, ou á redución total do número de incidencias técnicas ou operativas asociadas á fase de posta en operación.

3. O plan de transición deberase realizar conforme a metodoloxía aprobada por Eurocontrol para a execución do proceso de análise e mitigación de riscos, ou calquera outra metodoloxía aceptable de cumprimento, aceptada pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea, e documentará:

- a) A fase de definición do novo servizo coa determinación dos obxectivos de seguridade.
- b) A fase de deseño do cambio coa determinación de requisitos de seguridade.
- c) A fase de posta en operación coa avaliación e demostración do cumprimento dos criterios establecidos para dar por finalizada esta fase, dos obxectivos e requisitos de seguridade establecidos nas fases de definición e deseño, que se poidan comprobar nesta fase, e unha argumentación que demostre que o risco xeral é aceptable durante a dita fase.
- d) A fase de operación ordinaria do servizo e como o Sistema de Xestión da Seguridade Operacional do provedor de servizos realizará a avaliación e demostración do cumprimento dos obxectivos e requisitos de seguridade establecidos nas fases de definición e deseño, e argumentará que o risco xeral é aceptable durante esta fase.

4. No suposto de cambio de provedor designado e até a efectiva prestación de servizos de tránsito aéreo polo novo provedor designado, o provedor que vai ser substituído é o responsable da prestación segura, eficaz, continuada e sustentable económica e financeiramente dos ditos servizos conforme o previsto na Lei 9/2010, do 14 de abril, pola que se regula a prestación de servizos de tránsito aéreo, se establecen as obrigas dos provedores civís deses servizos e se fixan determinadas condicións laborais para os controladores civís de tránsito aéreo, e do cumprimento do resto das disposicións que resulten de aplicación.

Ademais, o provedor de servizos de tránsito aéreo que vai ser substituído será responsable de:

- a) Acordar co provedor que o vai substituír un plan de transición que cubra os requisitos necesarios para que este poida preparar a efectiva prestación do servizo, en particular, a formación do seu persoal e a instalación ou retirada de equipamentos, se isto for necesario.
- b) Acordar e permitir o acceso ás instalacións ao provedor que o vai substituír para a realización das tarefas identificadas no plan de transición, con obxecto de cumprir os requisitos identificados nel.

c) Proporcionar ao provedor de servizos que o vai substituír información detallada sobre as instalacións e equipamentos que se van transferir.

d) Proporcionar ao provedor de servizos que o vai substituír a documentación que poida afectar a seguridade das operacións tras a substitución na prestación do servizo. Para estes efectos, considerárase relevante, polo menos, a documentación de mantemento, os manuais relativos aos equipamentos que se transfiran e a documentación asociada ás incidencias sobre seguridade ocorridas nos últimos seis meses de operación.

Disposición adicional segunda. *Cambio de provedor para a prestación de servizos de navegación aérea non suxeitos a designación.*

No suposto de cambio de provedor de servizos de navegación aérea non suxeito a designación e até a efectiva prestación do servizo polo novo provedor, o provedor que vai ser substituído é o responsable da prestación segura, eficaz e continuada dos ditos servizos, para o cal deberá, polo menos:

a) Acordar co provedor que o vai substituír un plan de transición que cubra os requisitos necesarios para que este poida preparar a efectiva prestación do servizo, en particular, a formación do seu persoal e a instalación ou retirada de equipamentos, se isto for necesario.

b) Acordar e permitir o acceso ás instalacións ao provedor que o vai substituír para a realización das tarefas identificadas no plan de transición con obxecto de cumprir os requisitos identificados nel.

c) Proporcionar ao provedor de servizos que o vai substituír información detallada sobre as instalacións e equipamentos que se van transferir.

d) Proporcionarlle ao provedor de servizos que o vai substituír a documentación que poida afectar a seguridade do servizo tras a substitución na prestación do servizo. Para estes efectos, considerárase relevante, polo menos, a documentación de mantemento, os manuais relativos aos equipamentos que se transfiran e a documentación asociada ás incidencias sobre seguridade ocorridas nos últimos seis meses de operación.

Disposición adicional terceira. *Espazo aéreo asociado ao aeródromo.*

No caso de que un provedor designado para a prestación de servizos de tránsito aéreo de aeródromo e no espazo aéreo asociado identifique a necesidade de introducir modificacións nos requisitos técnicos e operativos da resolución de designación ou na designación do espazo aéreo asociado ao aeródromo, porao en coñecemento do xestor aeroportuario, quen solicitará a autorización da modificación ante a Dirección Xeral de Aviación Civil.

A Dirección Xeral de Aviación Civil, logo do informe, no ámbito das súas respectivas competencias, da Comisión Interministerial entre Defensa e Fomento (CIDEFO) e da Axencia Estatal de Seguridade Aérea, así como, se for o caso, da entidade pública empresarial Aeroportos Españois e Navegación Aérea (AENA), cando a solicitude afecte as atribucións desta entidade, resolverá o que proceda no prazo de seis meses desde a presentación da solicitude.

No suposto de silencio administrativo, este será negativo, en virtude da excepción de concesión de servizo público recollida no artigo 43.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Disposición transitoria única. *Normas transitorias.*

Os certificados de provedor civil de servizos de navegación aérea vixentes emitidos pola Dirección Xeral de Aviación Civil ou pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea antes da entrada en vigor deste real decreto continuarán en vigor até a data prevista para a súa renovación.

Disposición derradeira primeira. *Titulo competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia exclusiva que lle atribúe ao Estado o artigo 149.1.20ª da Constitución, en materia de control do espazo aéreo, tránsito e transporte aéreo.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento normativo.*

O ministro de Fomento ditará cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación normativa de carácter secundario e técnico.*

O director xeral de Aviación Civil poderá aprobar mediante circulares aeronáuticas, segundo o procedemento e os requisitos establecidos no artigo 8 da Lei 21/2003, do 7 de xullo, aquelas disposicións de carácter secundario e técnico co obxecto de completar, precisar e asegurar a máis eficaz aplicación deste real decreto.

Así mesmo, e con suxeición ao disposto no artigo 8 da Lei 21/2003, do 7 de xullo, o director xeral de Aviación Civil poderá introducir por circular aeronáutica cantas modificacións de carácter técnico sexan precisas para a adaptación dos anexos á evolución técnica do sistema de navegación aérea.

Disposición derradeira cuarta. *Execución e aplicación.*

A Axencia Estatal de Seguridade Aérea adoptará as medidas necesarias para a aplicación e execución deste real decreto.

En particular, definirá o modelo de táboa de evidencias documentais a que se refire o anexo II para acreditar o cumprimento dos requisitos necesarios para obter o certificado de provedor civil de servizos de navegación aérea e o material de guía sobre os medios aceptables de cumprimento a que alude o artigo 9.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 23 de xullo de 2010

JUAN CARLOS R.

O ministro de Fomento,
JOSÉ BLANCO LÓPEZ

ANEXO I

Formulario de solicitude

SOLICITUDE PARA A CERTIFICACIÓN DE PROVEDORES CIVÍS DE SERVIZOS DE NAVEGACIÓN AÉREA

Solicitude para certificación inicial	<input type="checkbox"/>
Renovación do certificado	<input type="checkbox"/>
Solicitude para cambios	<input type="checkbox"/>

(Marque o que corresponda)

1. Nome do solicitante

2. Nome da actividade comercial (se é diferente)

3. Enderezo

4. Datos de contacto

Nome

Telf.

Fax

E-mail

5. Servizos para os cales se require a certificación de acordo co Regulamento (CE) 550/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 10 de marzo de 2004

ATS

CNS

AIS

(Para unha descrición detallada, por favor, remítase á páxina 5 desta solicitude)

6. Nome do responsable corporativo

(Ou posición equivalente dentro da organización)

7. Sinatura do responsable corporativo

(Ou posición equivalente dentro da organización)

8. Lugar e data

(Lugar)

(Data)

9. Descrición da organización (marque o que corresponda)

- Solicitud para certificación inicial.
Xúntase unha copia coa descrición da organización a esta solicitude.
- Solicitud para cambios.
Xúntase unha copia coas páxinas modificadas da anterior descrición da organización a esta solicitude.

10. Cuestionarios (Márquese, se corresponde)

- Xúntanse cuestionarios definidos nos procedementos de certificación da autoridade nacional de supervisión a esta solicitude.
(Só aplicables no caso de certificación inicial cando o requira a Axencia Estatal de Seguridade Aérea)

11. Exencións (se é aplicable)

Para completar só se a organización solicita exencións específicas de acordo co artigo 4 do Regulamento (CE) n.º 2096/2005 da Comisión, do 20 de decembro de 2005, e tantas exencións que fosen determinadas como apropiadas pola autoridade nacional de supervisión.

(Márquese o que corresponda)

- O solicitante é consciente de que, de acordo co artigo 4, o certificado non permitirá a provisión de servizos transfronteirizos e non se beneficiará dos dereitos de recoñecemento mutuo dentro do ceo único europeo.
- O solicitante pretende prover servizos ATS só con respecto a unha ou máis das seguintes categorías:
- Aviación xeral
 - Traballos aéreos
 - Transporte aéreo comercial limitado a aeronaves de menos de 10 toneladas de masa máxima no momento da engalaxe ou menos de 20 asentos
 - Transporte aéreo comercial con menos de 10.000 movementos anuais. O número de movementos calcúlase mediante a suma de engalaxes e aterraxes calculadas sobre a media dos últimos tres anos, sen ter en conta a masa máxima no momento da engalaxe e o número de asentos.
- O solicitante é un provedor civil de servizos de navegación aérea que non inclúe servizos de tránsito aéreo e ten un ingreso bruto anual inferior ou equivalente a 1.000.000 EUR en relación cos servizos que prové ou pretende prover.

- O solicitante prové, ou pretende prover, servizos AFIS operando regularmente non máis dunha posición de traballo en calquera aeródromo onde se provexa este servizo.
- O solicitante documentou as evidencias relevantes de todo o indicado anteriormente na descrición da súa organización.

12. Detalle e descrición do alcance dos servizos para os cales se require certificación ou cambios.

- a) Utilice tantas páxinas como sexa necesario para completar a táboa.
- b) Utilice os tipos de servizos, as súas partes e subpartes como aparecen na táboa provista pola ANS para describir o alcance dos servizos para cuxa certificación pode ser requirida/outorgada.
- c) As '*condicións propostas polo solicitante*' deben incluír todas aquelas condicións e limitacións identificadas pola organización en relación cos servizos cuxa certificación é requirida. As condicións propostas deben ser claramente formuladas e estar cubertas polas categorías de posibles condicións a ser engadidas aos certificados de acordo co anexo II do Regulamento (CE) 550/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 10 de marzo de 2004.
- d) Sempre que sexa necesario, as condicións poden ser descritas mediante referencias aos documentos engadidos a esta solicitude ou outra documentación relevante.

Servizos	Tipo de servizo que se vai prover	Parte do servizo que se vai prover	Subparte do servizo que se vai prover	Condicións propostas polo solicitante
ATS				
CNS				
AIS				

ANEXO II

Documentación mínima que se debe xuntar á solicitude

Á solicitude deberásele xuntar, polo menos, a seguinte documentación debidamente numerada:

a) Principal lugar de actividade e sede do solicitante, xunto cos datos de contacto para efectos de notificacións e tipo de certificado que se solicita (documento 1).

b) Unha declaración asinada polo director xeral, xerente responsable ou cargo equivalente sobre a adecuación da organización e de toda a documentación desenvolvida (documento 2).

c) A política de seguridade operativa da organización establecida co fin de cumprir os requisitos xerais de seguridade do anexo II, sección 3.1.1, do Regulamento (CE) n.º 2096/2005 da Comisión, do 20 de decembro de 2005, cando o citado anexo sexa aplicable á organización (documento 3).

d) Os cargos e nomes dos directores da organización de acordo co anexo I, sección 2.1, do Regulamento (CE) n.º 2096/2005 da Comisión, do 20 de decembro de 2005 (documento 4).

e) As obrigas e responsabilidades dos citados directores en relación coa aplicación do Regulamento (CE) n.º 2096/2005 da Comisión, do 20 de decembro de 2005 (documento 5). En particular, esta descrición incluirá:

1.º Unha descrición completa da función de xestión da seguridade operativa identificada na organización con responsabilidade no desenvolvemento e mantemento do sistema de xestión da seguridade, de acordo co anexo II, sección 3.1.2, do Regulamento (CE) n.º 2096/2005 da Comisión, do 20 de decembro de 2005, cando o citado anexo sexa aplicable á organización.

2.º Obrigas, responsabilidades e acordos establecidos para garantir que a dirección da organización está activamente involucrada na xestión da seguridade operativa de acordo co anexo II, sección 3.1.2, do Regulamento (CE) n.º 2096/2005 da Comisión, do 20 de decembro de 2005, cando o citado anexo sexa aplicable á organización.

f) Un diagrama da organización que amose a cadea de responsabilidade nas áreas cubertas segundo o anexo I, sección 2, do Regulamento (CE) n.º 2096/2005 da Comisión, do 20 de decembro de 2005 (documento 6).

g) Unha descrición xeral dos recursos humanos de acordo co anexo I, sección 5, do Regulamento (CE) n.º 2096/2005 da Comisión, do 20 de decembro de 2005 (documento 7).

h) Unha descrición das instalacións e dependencias da organización (documento 8).

i) Unha descrición detallada do alcance do traballo da organización relevante en relación co certificado solicitado (documento 9).

k) O procedemento de notificación á Axencia Estatal de Seguridade Aérea dos cambios que poidan afectar o cumprimento dos requisitos comúns ou as condicións que se xuntarán ao certificado, de acordo con artigo 5, parágrafo 2, do Regulamento (CE) n.º 2096/2005 da Comisión, do 20 de decembro de 2005 (documento 10).

l) O procedemento para modificar a información facilitada na solicitude (documento 11).

m) Unha descrición completa dos medios e acordos establecidos pola organización para cumprir co Regulamento (CE) n.º 2096/2005 da Comisión, do 20 de decembro de 2005. Incluirase a táboa a que fai referencia a disposición derradeira cuarta; esta deberá expresar as evidencias documentais achegadas para cada un dos requisitos aplicables (documento 12).

n) Unha descrición xeral do seu sistema de xestión da protección (seguridade física) de acordo co anexo I, sección 4, do Regulamento (CE) n.º 2096/2005 da Comisión, do 20 de decembro de 2005 (documento 13).

ñ) Unha descrición xeral da súa solvencia financeira de acordo co anexo I, sección 6, do Regulamento (CE) n.º 2096/2005 da Comisión, do 20 de decembro de 2005 (documento 14).

o) Unha descrición xeral da súa cobertura de seguros e responsabilidades de acordo co anexo I, sección 7, do Regulamento (CE) n.º 2096/2005 da Comisión, do 20 de decembro de 2005 (documento 15).

p) Unha descrición xeral da calidade dos seus servizos de acordo co anexo I, sección 8, do Regulamento (CE) n.º 2096/2005 da Comisión, do 20 de decembro de 2005 (documento 16).

q) Unha descrición xeral do cumprimento dos requisitos en materia de información de acordo co anexo I, sección 9, do Regulamento (CE) n.º 2096/2005 da Comisión, do 20 de decembro de 2005 (documento 17).

ANEXO III

Clasificación dos servizos de navegación aérea

SERVIZOS	TIPO DE SERVICIO	PARTE DO SERVICIO	SUBPARTE DO SERVICIO
Servizos de tránsito aéreo (ATS)	Control de tránsito aéreo (ATC)	Servizo de control de área	
		Servizo de control de aproximación	
		Servizo de control de aeródromo	
	Servizo de información de voo (FIS)	Servizo de emisión de información de voo operacional HF (OFIS)	
		Servizo de emisión de información de voo operacional VHF (OFIS)	
		Servizo automático de emisión de información de área terminal por voz (voz-ATIS)	
		Servizo automático de emisión de información de área terminal por enlace de datos (D-ATIS)	
	Servizo de alerta (AL)	Servizo AL completo	
	Servizo de asesoramento	Servizo asesoramento completo	
	Servizo de información de voo en aeródromo (AFIS) <i>(Combinación de FIS e AL nun aeródromo sen servizos ATC)</i>	Servizo AFIS completo	
Comunicacións, navegación e vixilancia (CNS)	Comunicacións (C)	Servizo aeronáutico móbil (comunicacións aire-terra)	Servizo para información de voo
			Servizo para control de área
			Servizo para control de aproximación
			Servizo para control de aeródromo

SERVIZOS	TIPO DE SERVICIO	PARTE DO SERVICIO	SUBPARTE DO SERVICIO	
Comunicacións, navegación e vixilancia (CNS)		Servizo aeronáutico fixo (comunicacións terra-terra)		
		Servizo aeronáutico móbil por satélite (AMSS)		
	Navegación (N) <i>(Definición SES: os servizos de navegación implican aquelas dependencias/instalacións e servizos que proporcionan ás aeronaves posicionamento e información temporal)</i> <i>(Nota: o servizo inclúe a xeración do sinal aeronáutico de radionavegación no espazo, así como a súa posterior distribución e procesamento até a súa entrega á aeronave para a súa utilización)</i>	Provisión de sinal no espazo NDB		
		Provisión de sinal no espazo VOR		
		Provisión de sinal no espazo DME		
		Provisión de sinal no espazo ILS	CAT I	
			CAT II	
			CAT III a	
			CAT III b	
			CAT III c	
		Provisión de sinal no espazo MLS	CAT I	
			CAT II	
			CAT III a	
			CAT III b	
		Provisión de sinal no espazo GNSS	CAT III c	
Sistema principal GNNS (GALILEO)				
Sistema de aumentación baseado en satélites (SBAS)				
		Sistema de aumentación baseado en terra (GBAS)		

SERVIZOS	TIPO DE SERVICIO	PARTE DO SERVICIO	SUBPARTE DO SERVICIO
Comunicacións, navegación e vixilancia (CNS)	Vixilancia (S) <i>(Definición SES: os servizos de vixilancia implican aquelas dependencias/instalacións e servizos usados para determinar as respectivas posicións das aeronaves co fin de permitir unha separación segura)</i> <i>(Nota: o servizo inclúe a xeración dos datos de vixilancia mediante sensores, así como a súa posterior distribución e procesamento até a súa entrega para o uso de operacións ATM)</i>	Provisión de datos a partir de radar de vixilancia primario (PSR)	
		Provisión de datos a partir de radar de vixilancia secundario (SSR)	Modo A/C
			Modo S
		Provisión de datos a partir de Automatic Dependent Surveillance (ADS)	ADS-C
			ADS-B
		Provisión de datos a partir de radar de superficie (SMR)	
Servizo de información aeronáutica (AIS)	AIS	Provisión do servizo completo AIS tal como se describe no anexo 15 de OACI	

ANEXO IV

Modelo de certificado

Axencia Estatal de Seguridade Aérea- Ministerio de Fomento

Air Safety State Agency/ Ministry of Fostering

(Transport and Public works)

AUTORIDADE NACIONAL DE SUPERVISIÓN DE ESPAÑA, UNIÓN EUROPEA

National Supervisory Authority of Spain, European Union

CERTIFICADO

CERTIFICATE

Referencia: [Número do certificado asignado pola ANS]

Reference

Conforme o Regulamento (CE) n.º 550/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 10 de marzo de 2004, e o Regulamento da Comisión (CE) n.º 2096/2005 da Comisión, do 20 de decembro de 2005, actualmente vixente e suxeito ás condicións especificadas neste certificado, a Axencia Estatal de Seguridade Aérea pola presente certifica a:

Pursuant to Regulation (EC) 550/2004 of the European Parliament and of the Council and Commission Regulation (EC) 2096/2005 for the time being in force and subject to the conditions specified in this certificate, the Air Safety State Agency of Spain hereby certifies

[Nome da organización solicitante]

como organización provedora de servizos de navegación aérea que cumpre cos requisitos do Regulamento (CE) n.º 2096/2005 da Comisión, do 20 de decembro de 2005, aplicables aos servizos enumerados na táboa adxunta e, por conseguinte, capaz de provelos.

As an air service provider organization compliant with Commission Regulation (EC) n.º 2096/2005 of 20 December 2005, applicable to the bundle of services listed in the attached schedule, and therefore capable of providing them

Condições xerais

1. Este certificado require conformidade cos procedementos e outros acordos especificados na descrición da organización,

This certificate requires compliance with the procedures and other arrangements specified in the organization exposition.

2. Este certificado é válido mentres a organización manteña conformidade cos requisitos do Regulamento (CE) n.º 2096/2005 da Comisión, do 20 de decembro de 2005, e coas condicións específicas identificadas polos servizos incluídos na táboa do certificado.

This certificate is valid whilst the organization remains compliant with the applicable requirements of Commission Regulation (EC) n.º 2096/2005 of 20 December 2005, and the specific conditions identified for the services included in the certificate schedule.

3. Suceso ao continuo cumprimento das condicións anteriores, que poden ser verificadas pola autoridade nacional de supervisión en calquera momento, este certificado terá unha eficacia de ... (..) anos e será renovado baixo petición do posuidor do certificado, con seis (6) meses de antelación á finalización da vixencia do certificado.

Subject to continuous compliance with the foregoing conditions, which may be verified by the NSA at any time, this certificate shall remain valid for six (6) years and be renewed if requested by the organization six months before the end of that period.

Lugar e data do asunto: _____, _____, 20__

Place & date of issue

Asinado:

Signed

[Sinatura do director da Axencia Estatal de Seguridade Aérea]

[Director of Air safety State Agency]

Páxina x de xx

TÁBOA DO CERTIFICADO

Nome da organización: [Nome da organización solicitante] Organization

Referencia: [Número do certificado asignado pola ANS] Reference

Servizos <i>Services</i>	Tipo de servizo que se vai prover <i>Type of service to be provided</i>	Parte do servizo que se vai prover <i>Part of the service to be provided</i>	Subparte do servizo que se vai prover <i>Sub-part of the service to be provided</i>	Condições adicionais <i>Identified conditions</i>
ATS				
CNS				
AIS				

Data do asunto: _____, 20__

Date of issue

Asinado:

Signed

Pola Autoridade Nacional de Supervisión

By the National Supervisory Authority.

EMISIÓN DO CERTIFICADO DE PROVISIÓN DE SERVIZOS CANDO SE APLIQUEN EXENCIÓNS

No caso de que o certificado se emita coas exencións dispostas no artigo 4 do Regulamento (CE) n.º 2096/2005 da Comisión, do 20 de decembro de 2005, a autoridade nacional de supervisión especificará a natureza e o alcance da exención nas condicións adxuntas ao certificado indicando a súa base legal. Neste caso, o formato de certificado irá acompañado das seguintes “Condicións xerais”:

1. Este certificado foi emitido baixo as condicións do artigo 4 do Regulamento (CE) n.º 2096/2005 da Comisión, do 20 de decembro 2005, e, por tanto, non permite ao posuidor do certificado prestar servizos transfronteirizos ou beneficiarse do recoñecemento mutuo dentro do ceo único europeo.
2. Este certificado require o cumprimento dos procedementos e outros convenios especificados na descrición da organización.
3. Este certificado é válido mentres a organización cumpra:
 - a. Os requisitos do Regulamento (CE) n.º 2096/2005 da Comisión, do 20 de decembro de 2005, aplicables á organización dentro do alcance definido polas exencións identificadas no programa de certificación.
 - b. Os criterios cualificantes para ser certificado baixo as condicións do artigo 4 do Regulamento (CE) n.º 2096/2005 da Comisión, do 20 de decembro de 2005.
 - c. As condicións específicas identificadas no programa de certificación.
4. Este certificado terá unha eficacia de ... (...) anos e estará suxeito ao cumprimento continuo das condicións precedentes que poden ser verificadas pola autoridade nacional de supervisión en calquera momento. Así mesmo, o certificado poderá ser renovado se así o solicita o seu posuidor seis (6) meses antes da finalización da súa eficacia e a petición vai acompañada da información relevante que amose que a organización continúa sendo apta para as exencións.

ANEXO V

Plan de inspección xenérico

Ano 1	Ano 2	Ano 3	Ano 4	Ano 5
<i>Ciclo 1</i> Plan anual e requisitos de información (Informe anual)	<i>Ciclo 1</i> Plan anual e requisitos de información (Informe anual)	<i>Ciclo 1</i> Plan anual e requisitos de información (Informe anual)	<i>Ciclo 1</i> Plan anual e requisitos de información (Informe anual)	<i>Ciclo 1</i> Plan anual e requisitos de información (Informe anual)
<i>Ciclo 2</i> Supervisión dos procesos de xestión de seguridade operativa, competencia e capacidade técnica e operativa, requisitos sobre métodos de traballo e procedementos operativos		<i>Ciclo 2</i> Supervisión dos procesos de xestión de seguridade operativa, competencia e capacidade técnica e operativa, requisitos sobre métodos de traballo e procedementos operativos		<i>Ciclo 2</i> Supervisión dos procesos de xestión de seguridade operativa, competencia e capacidade técnica e operativa, requisitos sobre métodos de traballo e procedementos operativos
<i>Ciclo 3</i> Supervisión dos requisitos da xestión da calidade, calidade dos servizos e seguridade física (security)			<i>Ciclo 3</i> Supervisión dos requisitos da xestión da calidade, calidade dos servizos e seguridade física (security)	
<i>Ciclo 4</i> Requisitos sobre a xestión e estrutura organizativa (organización, plan de negocios), requisitos sobre factores humanos, requisitos sobre diseminación da información (informe anual), requisitos sobre solvencia financeira e requisitos sobre responsabilidade e cobertura de seguros				

ANEXO VI

Solicitud de aceptación para a introdución de cambios que afecten a seguridade.

Identificación do cambio			
Órgano ao cal se dirixe a solicitude	Axencia Estatal de Seguridade Aérea		
Datos do interesado			
Medio preferente o lugar para efecto de notificacións			
Datos da persoa que representa o interesado	Nome e apelidos	DNI	Cargo na organización
En relación co novo sistema funcional ou co cambio no sistema funcional existente descrito na documentación que se xunta, con referencia [YYY], declara:			
Que determinou as situacións perigosas e os seus efectos, analizou a súa severidade e determinou os obxectivos de seguridade asociados, durante a fase de definición do cambio.			
Que identificou os requisitos de seguridade aplicables ao sistema funcional obxecto do cambio, durante a fase de deseño do cambio.			
Que os resultados obtidos demostran que o sistema funcional seguirá ofrecendo un nivel tolerable de seguridade ao cumprir os requisitos e obxectivos de seguridade asignados e que, por tanto, o cambio proposto no sistema funcional (ou a posta en servizo do novo sistema funcional) se pode efectuar respectando os obxectivos e as normas establecidas a través do marco regulador vixente.			
Que nas fases de implementación, posta en operación, operación e retirada do servizo do cambio do sistema funcional en servizo se comprobará que se cumpren de maneira continuada os obxectivos de seguridade, os requisitos de seguridade e as condicións relacionadas coa seguridade identificadas (se as houber); e que, en caso de ser necesario, se aplicarán as accións oportunas para garantir a seguridade das operacións.			
Que se xunta a documentación solicitada.			
E, polo cal, solicita a aceptación do cambio.			
Lugar e data	Nome e apelidos		
	Sinatura		

ANEXO VII

Documentación que se debe xuntar á solicitude de aceptación de cambios que afecten a seguridade (modelo do anexo VI)

a) Resumo executivo que conteña a información básica do cambio no sistema funcional que se especifica, de acordo co seguinte modelo:

Referencia	Localización xeográfica do cambio	Descrición do cambio do sistema funcional	Grao de severidade máis alto dos "peores efectos potenciais cribles" dos perigos asociados ao cambio	¿Exixe a introdución de novos estándares de aviación?	Data prevista de posta en servizo
				Si/Non	

b) Descrición do cambio, do escenario operacional e do resto de hipóteses relevantes asumidas na análise e mitigación de riscos realizada en relación co cambio proposto.

c) Listaxe das declaracións CE de verificación do sistema aplicables ao sistema funcional que garden algunha relación co cambio ou declaración expresa de ausencia deste.

d) Listaxe das declaracións CE de conformidade ou de idoneidade para o uso dos compoñentes do sistema que garden algunha relación co cambio, ou declaración expresa de ausencia deste.

e) Listaxe en formato táboa segundo o modelo adxunto, de situacións perigosas identificadas e graos de severidade asociados, de conformidade co anexo II parte 3.2.4 do Regulamento (CE) n.º 2096/2005.

Referencia	Ameaza	Efectos	Severidade	Medidas de mitigación	Tolerabilidade do "peor efecto potencial crible"

f) Listaxe, en forma de táboa segundo formato adxunto, dos obxectivos de seguridade que garden algunha relación co cambio considerado, especificando de onde se deduciu cada obxectivo.

Referencia	Obxectivo de seguridade	Condicións do contorno asociadas ao "peor efecto potencial crible"	Procedencia
			[Declaracións CE, aplicación do FHA...]

g) Listaxe, en forma de táboa segundo formato adxunto, dos requisitos de seguridade obtidos da aplicación da Preliminary System Safety Assessment (PSSA) da Safety Assessment Methodology (SAM) de EUROCONTROL.

Referencia	Requisitos de seguridade	Obxectivo de seguridade asociado

h) Listaxe doutras condicións identificadas relacionadas coa seguridade, que estean asociadas á introdución do cambio, distintas dos obxectivos e dos requisitos de seguridade, ou declaración expresa de que non existen.

i) Marco normativo que garde relación co cambio e descrición da citada relación, en particular regulamentos europeos, directivas europeas, documentos de OACI, normas nacionais, circulares aeronáuticas e directrices de seguridade.

j) Documentación da avaliación funcional de situacións perigosas (Functional Hazard Assessment, en diante FHA), e da avaliación preliminar da seguridade do sistema) (Preliminary System Safety Assessment, en diante PSSA), e previsións para a avaliación da seguridade do sistema (System Safety Assessment, en diante SSA), da metodoloxía de avaliación da seguridade (Safety Assessment Methodology, en diante SAM) de EUROCONTROL.

k) Rexistro de participantes na identificación das ameazas, avaliación dos seus efectos e asignación de severidades, achegando a información recollida na seguinte táboa:

Asistente	Organización	Posto	Perfil profesional	Sinatura

ANEXO VIII

Notificación de cambios non sometidos a aceptación que afectan a seguridade

Identificación do cambio			
Órgano ao cal se dirixe a solicitude	Axencia Estatal de Seguridade Aérea		
Datos do interesado			
Medio preferente ou lugar para efecto de notificacións			
Datos da persoa que representa o interesado	Nome e apelidos	DNI	Cargo na organización
En relación co novo sistema funcional ou co cambio no sistema funcional existente descrito na documentación que se xunta, con referencia [YYY], declara:			
Que determinou situacións perigosas e os seus efectos, analizou a súa severidade e determinou os obxectivos de seguridade asociados durante a fase de definición do cambio.			
Que identificou os requisitos regulamentarios de seguridade aplicables ao sistema funcional obxecto do cambio durante a fase de deseño do cambio.			
Que os resultados obtidos demostran que o sistema funcional seguirá ofrecendo un nivel tolerable de seguridade ao cumprir os requisitos e obxectivos de seguridade asignados e que, por tanto, o cambio proposto no sistema funcional (ou a posta en servizo do novo sistema funcional) se pode efectuar respectando os obxectivos e as normas establecidas a través do marco regulador vixente.			
Que nas fases de implementación, posta en operación, operación e retirada do servizo do cambio do sistema funcional en servizo se comprobará que se cumpren de maneira continuada os obxectivos de seguridade, os requisitos de seguridade e as condicións relacionadas coa seguridade identificadas (se as houber); e que, en caso de ser necesario, se aplicarán as accións oportunas para garantir a seguridade das operacións.			
Que se xunta a documentación solicitada.			
E, polo cal, solicita que se lle notifique coa maior brevidade posible se a autoridade nacional de supervisión procederá ou non a aplicar o establecido no artigo 9 do Regulamento (CE) n.º 1315/2007 da Comisión, do 8 de novembro de 2007, relativo á supervisión da seguridade na xestión do tránsito aéreo e polo que se modifica o Regulamento (CE) n.º 2096/2005.			
Lugar e data	Nome e apelidos		
	Sinatura		

Anexo IX

Documentación que se debe achegar xunto coa notificación de cambios non sometidos a aceptación que afectan a seguridade (modelo do anexo VIII)

a) Resumo executivo que conteña a información básica do cambio no sistema funcional que se especifica, de acordo co seguinte modelo:

Referencia	Localización xeográfica do cambio	Descrición do cambio do sistema funcional	Data prevista de implantación	Grao de severidade máis alto dos "peores efectos potenciais cribles" dos perigos asociados ao cambio	¿Exixe a introdución de novos estándares de aviación?
					Si/Non

b) Rexistro de participantes na identificación das ameazas, avaliación dos seus efectos e asignación de severidades, achegando a información recollida na seguinte táboa:

Asistente	Organización	Posto	Perfil profesional	Sinatura